

# Unidade 3 - Proba

Cualificación

Nome e apelidos

Data

## 1. Completa o texto coas palabras do recadro. (1 punto)

interpretar      compositor      orquestra sinfónica

Mañá actuará a \_\_\_\_\_ no auditorio. Van \_\_\_\_\_ unha peza só con instrumentos de vento, cuxo \_\_\_\_\_ é un dos integrantes da orquestra.



## 2. Forma verbos a partir das seguintes palabras. (0,5 puntos)

paseo → \_\_\_\_\_      orde → \_\_\_\_\_  
planta → \_\_\_\_\_      cociña → \_\_\_\_\_  
sal → \_\_\_\_\_      quente → \_\_\_\_\_

## 3. Risca a palabra de cada fila que non contén un hiato, senón un ditongo. (0,5 puntos)

muíño – fariamos – diana – caer

roer – cear – vehículo – coiro

peite – capicúa – balaústre – enerxía

## 4. Copia as palabras con hiato na caixa que corresponda segundo a súa acentuación. (2 puntos)

teoría    faraón    egoísta    aéreo    raíz    océano    camaleón    feo    poética

Agudas

  
  

Graves

  
  

Esdrúxulas

# Unidade 3 - Proba

Nome e apelidos

Data

5. Rodea a raíz e subliña as desinencias das seguintes formas verbais.

(1 punto)

debuxar

vivir

elixir

acender

mirar

comprender

navegar

resumir

6. Rodea as sinalefas do seguinte poema. (2 puntos)

Ao mirar pola ventá  
vexo este mundo pasar,  
nubes que veñen e van,  
chuvia que molla o cristal,  
aves que escriben coas ás,  
unha andavía a voar,  
raios que tece a mañá,  
soños que están por soñar.  
Ao mirar pola ventá...  
canto podo imaxinar!

ANA M<sup>a</sup> FERNÁNDEZ  
e ENRIQUE LÓPEZ



7. Pensa nun tema e escribe un poema de dúas estrofas de catro versos cada unha. Inclúe polo menos unha figura literaria. (3 puntos)

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---